

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020234	IES de Barro	Barro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

LEXISLACIÓN:

A presente Programación Anual ou proxecto didáctico para o curso 2023-2024 segue as directrices marcadas pola lexislación vixente:

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica o Decreto do 21 de decembro de 2007 polo que se regula a avaliación na educación secundaria en Galicia.
- Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten o segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria.
- Decreto 229/2011 de atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Artigo 20 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Orde ECD 1361 / 2015, do 3 de xullo, pola que se establece o currículo de ESO e Bacharelato para a área de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes e se regula a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos das etapas.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE).
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, DOG nº 183 polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

Esta materia impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas. Para moitos alumnos, 1º da ESO é a súa primeira experiencia con certas técnicas gráfico-plásticas, ferramentas e procedementos. Tamén cun profesor especialista da materia, polo que é necesario que lles sirvamos de acicate e os estimulemos para despertar a súa creatividade, sen prexuízos nen vergoña, ó mostrar o seu proceso creativo e o traballo plástico finalizado ao resto do alumnado e aos docentes.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.

É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe

publicitaria.

A materia impártese no curso de 1º ESO distribuído en dous grupos A e B; este curso 2023-2024, extraordinariamente, adicaránselle unha carga lectiva de 3 horas semanais. Materia que dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en valor; poñer en práctica a expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia artículanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

Este presente curso de 1º E.S.O, está composto por 44 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 14 anos. Este alumnado esta dividido, comose citou anteriormente, en dous grupos de 22 alumnos/as.

Ata o momento da entrega da programación, no presente curso, o alumnado de 1 E.S.O con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que cursa materias do departamento de Artes plásticas son os seguintes:

- 1 alumno discapacidade
- 5 alumnos TDAH
- 3 alumnos TEA
- 1 alumno trastorno do desenvolvemento
- 2 alumnos repetidores

CONTEXTUALIZACIÓN

O IES de Barro é un centro de Educación Secundaria Obrigatoria no que se imparte so a ESO. Está situado no rural, en Outeiro- Perdecanaí, no concello de Barro; este ten aproximadamente 3.570 habitantes dispersos en cinco pequenos núcleos: Agudelo, Barro, Curro, Perdecanaí, Portela e Valiñas.

A maioría dos seus habitantes viven dos cultivos e da gandería e aínda que tamén hai familia que viven do comercio e da industria. O poder adquisitivo da maioría das familia é medio baixo, incluso hai un porcentaxe delas con un nivel adquisitivo moi baixo (entendendo esto como que algúns fogares precisan axudas sociais-económicas para a manutención dos seus fillos). A maioría dos pais teñen entre 35-45 anos e soen compartir vivenda cos avós. Moitas delas son familias desestructuradas e algunhas con graves.problemáticas graves.

O nivel cultural das familias é moi baixo; en moitas familias non hai ningún membro que acadara o nivel de ESO ou estudos primarios, sendo moi poucos os que fixeron o bacharelato, Formación Profesional e as menos, estudos universitarios.

A actividade cultural destas familias é moi escasa, centrándose, case exclusivamente, en labores musicais (grupos baile ou canto, e banda municipal) e algunha no deporte.

A lingua habitual nos fogares é o galego, e en canto á opción lingüística da escola, as familias optan maioritariamente polo ensino en galego.

En canto a relación co centro, algunhas familias consideran moi importante esta relación, manifestando un alto grao de satisfacción por todo o concerninte ao mesmo, pero moitas outras familias, chama a atención, que arrastran deixadez e desinterese polo seguimento dos estudos dos seus fillos.

Con respecto aos intereses do alumnado,a gran maioría ten boa aceptación do centro IES como lugar de aprendizaxe e formación. Ao rematar o ensino obrigatorio, aproximadamente a metade do alumnado desexa seguir estudando, bacharelato ou formación profesional (nesta orde), e a outra metade, quizais menos, desexa empezar a traballar.

Materias impartidas do Departamento de Artes Plásticas neste curso 2023-2024 :

1. Educación plástica, visual e audiovisual , 1º ESO 2 grupos, 3 horas / semana, total: 6 horas.
2. Educación plástica, visual e audiovisual , 3º ESO, 1 grupos, 2 horas / semana, total: 2 horas.
3. Expresión artística , 4º ESO, 1 grupo, 3 horas / semana, total: 3 horas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convierten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1		3		1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2		3	5	1-3-4	3	1-2	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Apropriarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As distintas manifestacións artísticas. Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio. Os xéneros artísticos.	Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico, incorporando ademais a perspectiva de xénero. Xéneros artísticos e evolución ao longo da historia da arte.	10	10	X	X	
2	A linguaxe visual e os seus elementos básicos e de configuración.	Punto, liña e plano. Forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas dos elementos visuais. Recursos para expresar sentimentos e sensacións a través da linguaxe visual.	10	10	X		
3	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións, secas e húmidas.	Uso e características das técnicas planas, secas e húmidas e a súa utilidade na expresividade artística.	10	10		X	X
4	O volume como experiencia expresiva.	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións.	10	10			X
5	Trazados xeométricos básicos e as súas aplicacións.	Introdución aos trazados xeométricos básicos: paralelismo e perpendicularidade, segmentos, ángulos, triángulos, polígonos regulares e irregulares, teorema Thales, proporcionalidade, construción dun polígono regular método xeral,...	14	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	Introducción ós sistemas de representación: -Sistema diédrico: nocións básicas da súa metodoloxía. -Sistema cónico: nocións básicas da súa metodoloxía.	10	10		X	
7	A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías.	Función informativa, comunicativa, expresiva e estética. A imaxe fixa, secuenciada e en movemento. Formatos analóxicos e dixitais das imaxes.	10	10		X	X
8	O cómic	Imaxen fixa: a linguaxe do cómic. Orixe, evolución e exemplos significativos.	16	20	X	X	X
9	A fotografía	Imaxe secuencial: posibilidades expresivas da fotografía. Orixe, inicios evolución e características. Xéneros.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As distintas manifestacións artísticas. Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio. Os xéneros artísticos.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Recoñecer propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas e analízalas desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.		
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Realizar producións artísticas sinxelas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Analizar especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os usos e as funcións das producións e manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e sempre contextualizado..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.

UD	Título da UD	Duración
2	A linguaxe visual e os seus elementos básicos e de configuración.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.		
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións, secas e húmidas.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións e manifestacións artísticas sinxelas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións gráfico-plásticas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito mínimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Recoñecer diversas técnicas e linguaxes visuais, procesos e resultados, en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
4	O volume como experiencia expresiva.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Utilizar referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Amosar un mínimo de iniciativa ao experimentar coas distintas técnicas e linguaxes expresivas para xerar mensaxes propias.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa de xeito individual ou colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.

UD	Título da UD	Duración
5	Trazados xeométricos básicos e as súas aplicacións.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	PE	100
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
6	Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	PE	100
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico. - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
7	A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio, como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
8	O cómic	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Describir propostas plásticas do xénero do cómic, diversos estilos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	PE	55
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades do xénero do cómic analizando os distintos elementos que o conforman con eficacia.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Acadar solucións creativas lóxicas a unha premisa, dun xeito individual ou colectivo.		
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	45
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Valorar as principais linguaxes e estilos das producións do cómic.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais. - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.

UD	Título da UD	Duración
9	A fotografía	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais fotográficas, así como a súa función e a súa finalidade.	PE	30
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades da linguaxe fotográfica: distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.		
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	70
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Analizar de xeito guiado as especificidades da linguaxe fotográfica.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións fotográficas.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Desenvolver producións e manifestacións propias da linguaxe fotográfica cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos máis destacados. - Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.

Contidos

- A linguaxe visual como forma de comunicación.
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual pretende introducir ao alumnado de 1º da ESO no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, coñecendo así as obras máis representativas da historia da arte. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual empregaremos distintas metodoloxías:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.
- 6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquejos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.
- Traballo en equipo e a interacción entre os alumnos.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante unha rúbrica, onde figurará unha ponderación en cada apartado.

O alumnado poderá participar na selección das actividades a realizar, sempre que as súas propostas respondan aos obxectivos dos bloques de contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: vertedoiro con billa, mesas cómodas, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, vertedoiro con auga, espazo ou moble de secado, etc.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Aula de informática do centro.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais pictóricos fuxíbeis: carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica ou témpera das cores primarias, branca e negra.
Materiais para estampar.
Materiais para modelado.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

A materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns deste material para uso do alumnado, de ser necesario:

- Material de debuxo artístico: técnicas secas e técnicas húmidas: papeis, pinturas, lápices de diferentes durezas e goma branda, pincéis planos e redondos, rotuladores, ceras brandas,...
- Material de debuxo técnico: Regras, escadra e cartabón, compás, portaminas e rotuladores de diferentes grosos.
- Material de corte: manta de corte, tesoiras, cúteres,...
- Material de fotografía: ampliadora, líquidos e papeis de fotografía.
- Material de gravado: tórculo, rodillos, tintas e papel de gravado.
- Material de modelado: barro, pasta, fimo... e instrumentos de modelado.
- Materiais de pegado, ensamblado ou suxección.
- Caixa de luz.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo procedentes do uso cotiá: papeis, plásticos, obxectos, etc.... Poderán ser aportados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	14	10	10	16	10	100
Proba escrita	0	0	0	0	100	100	0	55	30	36
Táboa de indicadores	100	100	100	100	0	0	100	45	70	64

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación son os seguintes:

- a) As cualificacións das distintas avaliacións que se realicen durante o curso académico, expresáranse con valores numéricos do 1 ao 10, un número inferior a 5 será suspenso, e igual ou superior a 5 será aprobado.
- b) A cualificación da avaliación ordinaria obterase da media aritmética das cualificacións das tres avaliacións do curso.
- c) Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos na avaliación ordinaria.
- d) As probas teórico-prácticas escritas, nas unidades didácticas 5 e 6, serán valoradas cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos e terán un peso porcentual dun 30% na nota na avaliación correspondente.
- e) Se durante unha proba escrita se observa unha conduta de engano, reflexarase a incidencia por escrito no exame e o/a alumno/a terá que asinalo. A cualificación será dun 0. Acordarase unha nova data para repetir dita proba.
- f) Todo o alumnado terá unha carpeta de traballos e un block de debuxo no que levarán ao día as actividades propostas. Terán un peso porcentual do 60% nas avaliacións que tamén teñan proba teórica.
- g) Entregarán traballos obrigatorios prácticos e/ou teóricos, individuais ou grupais, que terán unha data de entrega. Serán valoradas cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos e terán un peso porcentual dun 60% na nota na avaliación que teñan proba escrita, e un peso do 90% nas avaliacións que non teñan proba escrita.

Terase en conta os seguintes aspectos:

-É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais e limpeza.

-Os traballos e/ou proxectos entregados fóra de prazo, verán reducida a súa cualificación nun 50% .No caso de ter algunha causa xustificada, deberán entregar o xustificante que acredite tal situación.

-Nos traballos/proxectos en grupo a nota dos distintos integrantes poderá variar segundo o seu grao de implicación, participación e interese.

h) A observación directa na aula terá un peso porcentual na nota de cada avaliación : 10%. A implicación do alumno no seu traballo diario, a actitude e o comportamento no desenvolvemento das aulas, serán, así mesmo, factores a rexistar e a ter en conta na súa cualificación, para a que se empregarán como base os seguintes indicadores agrupados en dúas categorías:

- Material e espazo de traballo:

Trae o material necesario.

Coida o material propio e alleo, manténdoo en perfecto orde e estado.

Deixa recollido e limpo o seu espazo de traballo, e colabora recollendo e limpando os espazos compartidos.

- Actitude e comportamento no desenvolvemento do traballo de aula:

Asiste a clase con puntualidade.

Respeita o traballo e as normas de clase.

Participa activamente de xeito autónomo, con interese e responsabilidade no desenvolvemento da clase, nas actividades e nos traballos en grupo, evidenciando o esforzo realizado por progresar e superarse. Implícase no desenvolvemento das aulas e nos traballos propostos; é receptivo ás indicacións do profesor, as comprende e as emprega; amosa atención, participa no diálogo que se establece no desenvolvemento dos contidos da materia. Traballa na clase. Amosa interese por saber máis. Emprega os novos coñecementos noutras áreas. Ofrécese voluntario para facer os exercicios. Organiza os seus traballos con autonomía. Se falta ou vai faltar a clase preocúpase por poñerse ao día co seu traballo.

Nos traballos en grupo: participa nas actividades, levando a cabo as tarefas asignadas, e fai aportacións significativas; contribúe a manter o grupo concentrado e unido traballando cooperativamente; emite a súa opinión con argumentos razoables respectando as quendas de palabra; ten en conta as distintas opinións e as relaciona coas propias expresándose sempre con corrección nas formas; escoita e deixa falar respectando as opinións dos demais.

i) A falta de asistencia á clase do alumnado, suporá a obriga de que este realice todas aquelas tarefas que se desenvolveran na súa ausencia, salvo casos de falta prolongada e xustificada.

j) Todo alumnado que unha vez realizada a avaliación ordinaria obtivese unha cualificación inferior a 5 na materia e se deran as circunstancias de promocionar, pasará de curso ca materia pendente.

j) A cualificación obtida en cada avaliación, será calculada tendo en conta os seguintes puntos de ponderación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e aplicaranse en forma de rúbrica. Un posible exemplo sería:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.

- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).

- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.

- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.

- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.

- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.

- Entrega as tarefas en prazo.

CUALIFICACIÓN da 1ª, 2ª e 3ª avaliación

ACTIVIDADES e TRABALLOS prácticos e teóricos 90% (ata 9 puntos). Excepto nas unidades 5, 6 e 8, o valor será do 60%

PROBAS ESCRITAS faranse só nas unidades didácticas 5, 6 e 8 cun valor do 30%

OBSERVACIÓN DIRECTA 10 % (ata 1 Punto)

CUALIFICACIÓN FINAL

A NOTA FINAL será a media aritmética das notas sen redondear de cada unha das tres avaliacións, sempre cando ningunha delas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O departamento de educación plástica, visual e audiovisual realizará as actividades de recuperación necesarias para o alumnado que teña algunha avaliación, ou parte da materia, non superada antes da data da terceira avaliación e avaliación ordinaria.

Criterios de recuperación:

O alumnado para poder recuperar as notas das avaliacións das distintas avaliacións non superadas, co obxectivo de que se poida constatar que o alumno alcanzou os obxectivos mínimos da materia correspondentes.

Poderáanse recuperar: os traballos prácticos e as probas escritas.

-Reelaboración dos traballos propostos a o longo do curso con notas inferiores a 5 e, os non entregados; A nota dos traballos reelaborados substituirá á dos anteriores. As entregas faranse nas datas fixadas polo profesor.

-Repetir as probas escritas que teña con notas insuficientes.

A proba teórico-práctica de recuperación final correspondente a cada avaliación realizarase na mesma sesión lectiva, e poderá coincidir coa data límite para a nova entrega final dos traballos prácticos.

Recalculárase a nota ca mellor nota avaliación/recuperación.

Para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberá realizarse o día 24 de xuño de 2024 e deberá coincidir coa sesión da terceira avaliación parcial.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMIENTO PERIÓDICO:

Para os alumnos/as que se atopen cursando 2º da ESO coa materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, a través da aula virtual do centro ou mediante a comunicación directa coa profesora da materia; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas ou das probas escritas), preferentemente mediante reunións presenciais co profesor. Estas reunións levaranse a cabo durante os recreos.

As avaliacións realizaranse nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, este curso 2023-2024 serán:

- Do 27-21 de Novembro

- Do 26-1 de Febreiro

- Do 27-31 de Maio

En cada avaliación faranse entregas periódicas e empregaranse os seguintes instrumentos:

-Carpeta de traballos teóricos / prácticos . Peso porcentual 90% (excepto nas unidades 5 e 6 , donde tamén haberá proba escrita teórica e práctica, e nelas, a carpeta valerá o 60%). A presentación dos traballos deberá facerse segundo as instrucións dadas previamente polo profesorado (entrega física, materiais, soportes, formatos, datos solicitados, numeración e/ou orde das actividades,...).

- Proba escrita teórico/práctica, só para as unidades 5 e 6, terá un peso do 30%. Realizarase de xeito presencial, pero se as circunstancias o impedisen, poderá realizarse de xeito telemático a través da plataforma E-Dixgal.

Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten a carpeta de traballos incompleta non poderá ser

superior a 5. A entrega da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria para acadar unha avaliación positiva. Ademais deberán ser entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións.

PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidade visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Ata o momento da entrega da programación, no presente curso, o alumnado de 1º E.S.O con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que cursa a materia de Educación plática, visual e audiovisual son os seguintes:

- 1 alumno discapacidade
- 5 alumnos TDAH
- 3 alumnos TEA
- 1 alumno trastorno do desenvolvemento
- 2 alumnos repetidores

Algunhas medidas que se poden adoptar co alumnado anteriormente mencionado ou co alumnado co que precise son as seguintes:

NECESIDADES INDIVIDUAIS.

DIFICULTADE PUNTUAL.

Reforzos puntuais que se realizarán de forma ocasional.

ALUMNADO EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIOEDUCATIVA E/OU CULTURAL.

Os centros docentes asegurarán a eliminación das barreiras que poidan limitar o acceso, a presenza, a participación ou a aprendizaxe do alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/o cultural, garantindo o acceso a unha educación inclusiva, de calidade e en igualdade de condicións co resto de alumnas e alumnos.

REFORZO E AMPLIACIÓN.

Propor actividades de reforzo e ampliación para alumnos que o necesiten. Procurar que os novos contidos que se pretenden ensinar sexan axeitados o nivel de desenvolvemento cognitivo dos alumnos.

DEFASE CURRICULAR NON SIGNIFICATIVO.

Alumnado con dificultades lixeiras, pero que estean en condicións de acadar o grao mínimo de consecución e, polo tanto, poidan superar a materia.

Reforzo educativo con pequenas modificacións nos tempos, actividades, metodoloxía, instrumentos e procedemento de avaliación.

T.D.AH.

Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario. <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18451>

T.E.A.

Terase en conta:

Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento <https://www.edu.xunta.es/portal/node/3655>

Trastornos xeneralizados do desenvolvemento <https://www.edu.xunta.es/portal/node/3703>

Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477>

Páxina web de ASPERGA

DISLEXIA E/OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE.

Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.

Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656>

OUTROS PROTOCOLOS A TER EN CONTA.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

Protocolo de identidade de xénero.

Protocolo de Protección de datos.

Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

Protocolo de Atención educativa e domiciliaria/Protocolo de Urxencias Sanitarias.

ADAPTACIÓN CURRICULARES.

No actual curso en 1 E.S.O, hai dous alumnos que necesitan unha adaptación curricular significativa. As adaptacións curriculares, ou adaptacións do currículo, son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Suporá a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo. As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Para a súa elaboración partirase do currículo de referencia, entendido este como o do nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do curso.

PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, será obxecto de atención con exercicios e tarefas de reforzo adaptadas ao seu ritmo de aprendizaxe, explicacións adaptadas ao seu ritmo, nivel de comprensión e asimilación dos conceptos, medidas orientadas a superar as dificultades detectadas no curso anterior.

Estas tarefas de reforzo e repaso están divididas por avaliacións seguindo a programación da materia e tendo sempre en contra que a programación é un marco de traballo vivo e aberto e pode ser modificada dependendo da evolución e características do alumnado.

Este plan estará elaborado o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. Debe incluír, polo menos os seguintes apartados:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

NECESIDADES COLECTIVAS

Determinaranse os desempeños prioritarios que hai que practicar no grupo en concreto.

Determinaranse os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos/as para os traballos cooperativos.

Determinaranse os tipos de recursos que se necesitan para adaptar o nivel e obter un logro óptimo do grupo.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

1-MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver

distintos roles.

- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

2-MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

3-MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X						X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X			X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X		X	X				
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, salas de exposicións, etc., con eventos temporais ou permanentes			X
Participación telemática nalgunha actividades organizadas nos departamentos pedagóxicos dos distintos Centros de Arte da nosa comunidade: CGAC, MARCO, Fundación Luis Seoane...	Participación telemática nalgunha das actividades organizadas nos departamentos pedagóxicos dos distintos Centros de Arte e museos da nosa comunidade. Charlas impartidas por todo tipo de profesionais relacionados coa materia.	X		
Colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística do Centro e cos equipos de Dinamización Lingüística do Salnés e o de Terras do Umia (colaboración habitual) nos proxectos anuais que se propoñan.	Colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística do Centro e cos equipos de Dinamización Lingüística do Salnés e o de Terras do Umia (equipos cos que habitualmente colabora o noso centro) nos proxectos anuais que se propoñan; tales como a participación, un ano mais, na realización e edición da revista de cómic Enormic, no concurso de autocolantes, no deseño de carteis dos concursos de microrelatos e de micropoemas,...	X	X	X
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos: Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como murais, a árbore de Nadal, o Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros.	X	X	X
Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan a polos en práctica eles mesmos no futuro.		X	
Colaboración ca oficina Omix do Concello de Barro nos proxectos que nos poidan propoñer.	Actividades como concursos: de postais de Nadal, deseño da revistas juveniss (microrelatos e micropoemas), curtas audiovisuais de medo (Samaín),...	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Talleres impartidos por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas, deseñadores,...) para a aprendizaxe práctica dalgunha actividade creativa específica		X	
Concurso de debuxo contra a violencia de xénero	1º trimestre (25 de novembro).	X		
Concurso de creación dun logotipo para o centro	Para todos os cursos 2º trimestre.		X	
Exposición de traballos propios	Exposición de traballos propios (en colaboración ou non con outras materias ou niveis) involucrando e comprometendo aos alumnos a colaborar en todo o proceso de organización (plantexamento, montaxe, dsmontaxe e valoración de resultados).			X
Intervención pictórica mural no centro	A actividade consiste en deseñar e pintar unha pintura mural no centro, empregando pintura fotocatalítica (descontaminante). A actividade sería realizada polo curso de 4º de ESO.		X	X

Observacións:

Trátase de planificar as actividades complementarias na medida do posible no inicio do curso. Aínda que non sempre poden levarse a cabo por imprevistos ou cambios na programación, entre outros factores.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.

(M) Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitáma o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitáma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Proponho tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.
(A) Que teño en conta para medir os resultados? A nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados